

2ª DE ESO.

Estimados rapaces:

Imaxino e desexo que todos os atopedes ben de saúde e co bo ánimo, xa queda menos para retomar a normalidade. Seguro que descubristes moitas cousas positivas, estes días nos vosos fogares, moitos talentos ocultos: cociñeiros, xardiñeiros, pintores, psicólogos... intentade sempre buscar algo positivo en esta situación.

Hoxe mándovos, un merecido **APLAUSO**.



MOITO ÁNIMO!!!

Unha gran aperta para as vosas familias.

Esta semana, deixovos unhas actividades relacionadas co tema que vos enviei a semana anterior. Espero que vos resulten entretidas e esperten en vós a curiosidade.

Calquera dúbida, aclaración estamos en contacto na miña dirección de correo:

mdocoso@hotmail.com

Podédesme mandar as tarefas, non esquezades poner os vosos nomes.

ACTIVIDADES.

1. Sabes onde está cada un dos países membros da UE? Sitúaos nun mapa. Anota, así mesmo, as capitais de cada un dos estados membros.

2. O euro é a moeda única europea. Sabes a canto equivale das antigas pesetas? Pregunta aos teus pais ou avós canto valía unha barra de pan antes da chegada do Euro. Que vale o mesmo pan hoxe?



3. Grazas á supresión de controis fronterizos entre os países da UE, agora pódese viaxar libremente pola maior parte do continente. viaxaches a algún país da UE? A cal/cales? Como foi a experiencia? Si non viaxaches a ningún, a que país/países gustaríache viaxar? Por que?

4. Imaxina que vas preparar unha viaxe pola Unión Europea: xa tes 18 anos, queres visitar cidades nas que non che demanden pasaporte senón só o DNI e vas utilizar básicamente o tren como medio de transporte (vaste a facer un interrail); aloxaraste en albergues xuvenís.

Escolle polo menos catro cidades e sinala un mínimo de tres monumentos ou lugares que desexes visitar en cada unha delas.

Logo fai unha pequena redacción da túa viaxe.